

ENQUISA AO ALUMNADO SOBRE O PROGRAMA GREEN CAMPUS NA UDC

RESUMO DE RESULTADOS

Cun total de 28 preguntas, esta enquisa anónima dirixida ao estudantado da UDC en maio de 2020, recibiu 256 Respostas. Un 44% delas procedentes de 4 centros, e o resto doutros 20 centros da UDC.

Varias preguntas inciden sobre o coñecemento que ten o estudantado do programa Green Campus, e tamén das actividades de fomento da sustentabilidade desenvolvidas pola OMA (aínda que non se preguntaba sobre a OMA, as respostas mostran que non se diferencian as actividades específicas de GC dos programas específicos da OMA). O 59% coñece o programa Green Campus, porcentaxe que baixa ao 44% cando se pregunta se sabe que se aplica no seu centro. O 11% participa no programa GC do centro (o 5% como membro do Comité ambiental) e declara un coñecemento notable do programa. A participación nalgunha actividade do programa aumenta ao 19% mentres o 81% nunca teñen participado.

Só o 13% afirmou coñecer que o centro ten unha declaración ambiental o que, xunto con outros elementos, suxire que os programas se limitan aos círculos máis iniciados e non transcenden ao conxunto da comunidade universitaria. Pon de manifesto tamén o carácter voluntario do programa, cunha incidencia alta pero que segue a ser prescindible para a maioría.

Un 36% das persoas que responderon gustarían de informarse e poder participar no Comité, mentres o 84% afirma que participaría no programa de forma xeral e que non o fixo principalmente por descoñecemento e por falta de tempo (horarios saturados). Cunha media de 3,5 sobre 10, a difusión do programa percíbese como insuficiente, e para melloralala aparece o exemplo das campañas de doazón de sangue e unha maior implicación polo profesorado en ofrecer información directa. Mentres un 18% afirma non ter ningún interese en participar, entre o 9 e o 22% faríao se recibe algún tipo de recoñecemento.

Cando se pregunta por actividades concretas (identificación de actividades realizadas, cales son as mellor valoradas, ou as máis interesantes e necesarias...), nas respostas libres hai unha clara preferencia por actividades relacionadas cos residuos e a reciclaxe, incluíndo a limpeza de praias e outros espazos e a compostaxe. Séguenlle as actuacións relacionadas co aforro de auga, as bicis e, xa de forma menos presente, aparecen enerxía/cambio climático, hortas e saúde. Por outra banda, cando se dá unha relación de opcións a elixir, decláranse como temáticas máis interesantes a emerxencia climática e vida saudábel, seguidas de residuos, enerxía e auga, e xa en terceiro lugar mobilidade e comercio xusto ou cooperación, mentres ambientalización curricular e biodiversidade recibiron moi poucas adhesións.

En canto á valoración global, o 86% cre positivo que o seu centro participe no programa, cuestión que acada unha puntuación media de 5,8 (escala 1-10). Un 27% valorouno cun notable (7-8) e un 10% con máis de 9. Ademais, o estudantado considera que o Green Campus pode enriquecer e mellorar a seu currículo, xa que favorecería unha maior vinculación e compromiso coa sustentabilidade (61%), abriría novas oportunidades laborais (23%), permitiría unha maior especialización e diferenciación con outra formación similar (23%), e daría máis valor á súa formación (40%). Son conscientes de incoherencias diversas, tanto na universidade e nos centros, e suxiren que os programas reforcen a autonomía e capacidade de iniciativa e decisión do alumnado.

A continuación ofrécense as estatísticas principais das diferentes preguntas, mentres os resultados completos aparecen noutro informe. Falta por facer tamén unha análise cruzada das respostas, que permita diferenciar dous niveis, o das respostas que afirmaron coñecer o programa e o daquelas outras que non tiña ningún ou case ningún coñecemento.

PREGUNTAS E PRINCIPAIS RESULTADOS

1. Con que facultade ou escola estás relacionado/a?

Facultade de Ciencias da Educación: 48; ETSA, Economía e Empresa, Ciencias: 20-23; Camiños, Informática, Filoloxía, Fisioterapia, Humanidades: 10-16; e 15 centros: 2-9

2. En que curso estás?

Distribución homoxénea, de 29 a 65 por curso/nivel.

3. Coñeces o programa Green Campus? 59% Si

4. Se respondiches SI na pregunta anterior, sabes se o programa Green Campus se está a aplicar de forma específica no teu centro?

O 56% descoñeceo, o 11,3% participa no GC do centro

5. Cal é o teu grado de coñecemento do programa Green Campus?

0: 32.4%, 1-2: 18.7%, 3-4: 19.9%, 5-6:19.2%, >=7: 9,8%

6. Como o coñeciches?

O coñecemento máis activo (Por outros compañeiros/as, Por actividades que tiñan relación co programa) suma un 20% das respostas.

7. Poderías identificar algún elemento ou actividade que teña relación co GreenCampus? (resposta aberta)

Rexistradas 152 respostas (59,4% das persoas que completaron o cuestionario). Destas respostas, algunhas non se refiren a accións específicas do GC, pois inclúen en xeral todo o relacionado con ambiente e a OMA, como préstamo de bicis, compostaxe e hortas urbanas, por exemplo.

Unha maioría de referencias (80 veces) corresponden a residuos e reciclaxe, incluíndo a limpeza de praias e outros espazos (17 mencións) e a compostaxe (9 mencións). Séguenlle as actuacións relacionadas co aforro de auga (11), e bicis (10). Xa con 6 mencións aparecen enerxía/cambio climático, hortas, uso das escadas en detrimento dos ascensores e saúde.

8. Participaches nalgunha actividade relacionada co programa?

O 81% non, o 19% si.

9. Se respondiches SI na anterior pregunta, en cal? (opción a elixir dunha lista pechada)

A primeira elección é “Charlas divulgativas ou formativas”, seguida de “Ecoauditoría nos centros”, que suman o 16% das respostas.

10. De todas as actividades nas que participaches, cal foi a que máis che gustou? (resposta aberta)

Só se reciben 35 respostas (14%), a cabeza Residuos con 12 e Auga-Enerxía con 5

11. Que tipo de actividades che gustaría que se promovesen dende programa Green Campus? (resposta aberta)

Rexistradas 67 respostas, a maioría múltiples e diversas. O máis repetido está relacionado cos residuos, con 25 mencións, incluíndo reciclaxe, limpeza (plogging) e prevención. Séguenlle as mencións a concienciación (10), bici e transporte (9), enerxía e cambio climático (5), saúde (4), biodiversidade (4) ...

12. Formas ou formaches parte do comité ambiental do programa Green Campus do teu centro?

O 5% si, e outro 36% gostaria de informarse e poder participar

13. Crees que é positivo que o teu centro participe no proxecto Green Campus?

O 86% afirmou que si.

14. Das actividades que se realizan dende o programa Green Campus, indícanos as 3 que consideras que son máis relevantes:

Aparecen Residuos, Enerxía e Concienciación a cabeza (recibiron 33-44% das adhesións), e seguen Auga, Vida saudábel e Cambio climático (28-33%), en terceiro lugar Mobilidade e Comercio xusto (20-22%). A Ambientalización curricular, e a Biodiversidade recibiron moi poucas adhesións.

15. Se non participaches nunca, estarías disposto/a afacelo?

O 84% afirma que si.

16. Se non participaches nunca, cal foi o motivo?

Descoñecemento e falta de tempo reciben o 41% e 31% das respostas.

17. Cal das temáticas tratadas por Green Campus teñen máis interese para tí?

Esta pregunta está relacionada coa 14, pero cambia algo a orde das temáticas elixidas, pasando a primeiro lugar Cambio climático e Vida saudábel (48-49%), seguíndolle Residuos, Enerxía e Auga (34-42%), en terceiro lugar Mobilidade e Comercio xusto (20-22%) e o resto como na 14, con escasas adhesións a biodiversidade. Concienciación e Ambientalización curricular non estaban elixibles nesta pregunta.

18. En xeral, consideras que a participación do alumnado no programa Green Campus é...

Maioría das respostas entre 1 e 5. Media de 3.2.

19. Se consideras que a participación é baixa, a que crees que se debe?

Descoñecemento, falta de interese e incompatibilidade de horarios reciben 39-63% de adhesións, escasa difusión un 46 % mentres que o contido/formato recibiron moi poucas (10-15%).

20. A difusión das actividades consideras que é... (escala de 10, sendo 0 “moi baixa” e 10 “moi alta”)

Cunha media de 3,5 sobre 10, %, o 40% puntuaba de 0-2, 24% de 3-4, 26% de 5-6 e só o 10% >=7.

21. Estarías disposto/a a compartir os coñecementos da túa formación para colaborar no proxecto Green Campus?

O 61% si, e outro 22% se ten recoñecemento.

22. Crees que Green Campus pode enriquecer e mellorar a teu currículo...

Si, xa que Favorecería unha maior vinculación e compromiso coa sustentabilidade (61%), Abriría novas oportunidades laborais (23%), Permitiría unha maior especialización e diferenciación con outra formación similar (23%), Daría máis valor a miña formación (40%).

23. Coñeces se o teu centro ten unha Declaración ambiental?

Só o 13% afirmaron coñecelo

24. Que sería máis útil, con respecto ao Programa Green Campus...

As respostas van na liña do que xa se está a facer (xornadas, premios TFG/TFM...), aínda que reforzando xornadas de “portas abertas”, “enerxencia climática” e “capacidade de propoñer”, e o carácter de autonomía e capacidade de decisión do alumnado.

25. Estarías interesado/a en participar en grupos de traballo do alumnado para desenvolver cuestións relacionadas co programa Green Campus?

Sempre (10%), con recoñecemento (9%) e posiblemente (64%). Non: 18%.

26. De todos os resultados acadados dentro do proxecto Green Campus, cal consideras que é o máis representativo do teu centro ou facultade?

Despois de Vida saudábel (22% das adhesións), aparecen residuos enerxía e auga, sumando o 46% das adhesións.

27. A túa valoración xeral do programa Green Campus é...

Cunha media de 5,8, o 18,4% suspenden o programa, o 30% outorgoulle un 5, o 42% entre 6 e 8, e o 10% 9-10.

28. Algún comentario ou suxestión que desexes facer...

Rexistráronse 39 Respostas, entre elas 14 especifican non coñecer o Programa GC e solicitan maior información/divulgación. Apúntanse incoherencias diversas, e tamén como mellorar a difusión (os correos-e non se len, difusión das campañas de doazón de sangue sería bo modelo, ou unha maior implicación/información polo profesorado). Tamén se se incide sobre o tipo de enquisa, que obriga a elixir cando non se coñece o programa.